

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: I.E.S. EDUARDO BLANCO AMOR - CULLEREDO

CURSO: 1º BACHARELATO

MATERIA: Tecnoloxías da Información e Comunicación I

DEPARTAMENTO: TECNOLOXÍA

DATA: 10/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.2. Instalar e utilizar software de propósito xeral e de aplicación, e avaliar as súas características e os contornos de aplicación.	TIC1B2.2.2. Instala sistemas operativos e programas de aplicación para a resolución de problemas en computadores persoais, seguindo instrucións de fábrica.
B3.1. Utilizar aplicacións informáticas de escritorio ou web, como instrumentos de resolución de problemas específicos.	TIC1B3.1.2. Elabora informes de texto que integren texto e imaxes, aplicando as posibilidades das aplicacións e tendo en conta o destinatario.
	TIC1B3.1.3. Elabora presentacións que integren texto, imaxes e elementos multimedia, adecuando a mensaxe ao público obxectivo ao que se destina.
	TIC1B3.1.5. Deseña elementos gráficos en 2D e 3D para comunicar ideas.
	TIC1B3.1.6. Realiza pequenas películas integrando son, vídeo e imaxes, utilizando programas de edición de ficheiros multimedia.
B5.2. Analizar e resolver problemas de tratamento de información, dividíndoos en subproblemas e definindo algoritmos que os resollen.	TIC1B5.2.1. Escribe programas que inclúan bucles de programación para solucionar problemas que impliquen a división dun conxunto en partes máis pequenas.
B5.3. Analizar a estrutura de programas informáticos, identificando e relacionando os elementos propios da linguaxe de programación utilizada.	TIC1B5.3.1. Obtén o resultado de seguir un pequeno programa escrito nun código determinado, partindo de determinadas condicións.
B5.5. Realizar pequenos programas de aplicación nunha linguaxe de programación determinada e apicalos á solución de problemas reais.	TIC1B5.5.1. Realiza programas de aplicación sinxelos nunha linguaxe determinada que solucionen problemas da vida real.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Análise de producións, proxectos, do alumnado.
	Instrumentos: Escala de observación numérica publicada nos criterios de cualificación presentes en cadanseu enunciado de proxecto proposto.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Avaliación continua. Recuperación mediante a realización ou mellora dos proxectos das avaliacións anteriores e mellora da cualificación da segunda avaliación mediante proxectos voluntarios, individuais ou por parellas.
Proba extraordinaria de setembro	Non procede. Neste intre todo o alumnado xa acadou os estándares e competencias imprescindibles.
Avaliación de materia pendentas	Criterios de avaliación: Non procede.
	Criterios de cualificación: Non procede.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Non procede.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Proxectos de programación.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	Metodoloxía de Aprendizaxe baseada en Proxectos, conectividade obrigatoria. Todo o alumnado ten conectividade suficiente para a realización das tarefas de recuperación e proxectos voluntarios de ampliación.
Materiais e recursos	Aula Virtual que inclúe: <ul style="list-style-type: none"> • Enunciados dos proxectos cos criterios de cualificación. • Recursos explicativos de apoio. • Retroalimentación na avaliación/cualificación das producións entregadas. • Mensaxería interna. Correo electrónico. Software de escritorio de programación: App Inventor Ferramentas Google: Drive, presentacións, YouTube, ...

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>Páxina web do centro.</p> <p>Aula Virtual da materia dende o comezo de curso TIC 1º BACH IESEBA 1920. Precísase usuario e contrasinal do alumnado para acceder ás cualificacións e retroalimentación.</p> <p>Correo electrónico (accionangel@gmail.com). Dende o comezo de curso.</p> <p>Correo Gsuite (angelaccion@iesblancoamor.com) dende o confinamento.</p>
Publicidade	<p>Páxina web do centro: http://www.edu.xunta.gal/centros/iesblancoamorculleredo/</p> <p>Aula Virtual da materia: TIC 1º BACH IESEBA 1920.</p>

Adaptación da Programación do Departamento de Tecnoloxía do IES Eduardo Blanco Amor aprobada na reunión dos seus membros en Culleredo a 10 de maio de 2020.

Ángel Acción
Xefe Departamento

Gumersindo Fernández

Mª José Rebolo